

X.M. Fernández
P.A. Marín Estrada
Ch. Pita
X. Frías
C. Rutiña

Entrerríos

CCV-RM



2002

© dos textos: Xosé Máximo Fernández, Pablo Antón Marín Estrada, Charo Pita,
Xavier Frías Conde, Cristóbal Rutiña
© da edición: Biblioteca Virtual Eonaviega ~ CCV

<http://www.terra.es/personal/cvalledor>

Xaneiro 2002

Todos os dereitos reservados. Esta publicación pode ser lida libremente en formato dixital, pero está prohibida a súa reprodución total ou parcial sen consentimento da BVE.

CULTIVO DE HUMANOS EN ARRET

Xosé Máximo Fernández

Aquí queda escrito o que me sucedeu hai algo así como cinco anos. Trátase dunha historia de tintes tan inverosímiles que dubido que haxa en todo o mundo daquén que lle pasase nada parello que a min.

A verdade é que me dá muita vergonza que se saba o que darreo poderedes ler neste papel. Síntome cada día máis imbécil a pensar neste increíble asunto. E como teño medo que a xente diga que son tolo ou mentireiro, tiven bon cuidado de non llo contar a ninguén, nin sequera ao mellor amigo ou parente cercao.

Desto quixen deixar constancia escrita dentro dun sobrescrito lacado e selado diante dun notario, como se dun testamento cerrado se tratase. Así, condo eu morrer, poderán saberse estas cousas tal como foron, e oxalá sirvan de lección para os demais, para non lles ocorrer outro tanto, aínda que xa se sabe que ninguén escarmenta en cabeza allea.

Non quero que sígades intrigados por máis tempo e vou, polo tanto, relatar os feitos de xeito que non se aparten en punto da verdade.

Todo empezou unha tarde de primavera que ía dando o meu paseo habitual en bicicleta polo campo, aproveitando ao mesmo tempo para recoller algúas herbas. Sería daquela a finais de marzo ou primeiros de abril, porque me lembro que por aqueles días xa comezaba a cantar o cuquelo e xa fía tempo que as andolías enhalaban arredor dos caseiríos. A paisaxe aparecía vestida coas súas mellores galas e había moitos grilos que dado o bon tempo salían ao patio asolallado das súas mouras e tenebrosas goridas e desabotoaban as súas camisas de seda para berraren a pleno pulmón *cri-cri-cris* repetidos. De condo en vez aparecían no medio do camín bandadas de perdices que salían disparadas como tiros.

De repente sentín unha canseira anormal; as pernas fraqueábanme e custábame del traballo pedalear. Darreo déronme uns mareos sen importancia. Atribuín estes transtornos á forza da primavera, pois hai a quen o cambio das estacións parece afectalo, unhas veces no corpo e outras na mente. Tiven algo de medo a caer da

bicicleta e, por se acaso, tombeime a descansar panza arriba embaixo duns castaños que hai na beira da estrada comarcal de Porcía. Nesta cómoda posición empecei a sentir unha forte calor que me fexo suar sen esforzo, ao tempo que notaba como o meu ser se dividía, sendo quen de vivir en dous corpos ao mesmo tempo. Un corpo, o físico, seguía tombado embaixo dos castaños, sen mudar a posición, parecía morto, mentres que el outro corpo, o etéreo, que era como se dixésemos *o outro eu*, ocupaba o seu lugar nun plano máis elevado, parecía aboiar entre as nubes, desde cuxa altura fun capaz de ver o corpo físico, o meu corpo físico!, rixido como un cadáver, mais sorprendentemente vivo. Ao primeiro pensei que me achaba nunha fase intermedia entre a vida e a morte, por eso tiven algo de medo, pero máis tarde recapacitei e dinme cata que o que me estaba a suceder era un fenómeno de viaxe extracorporal, o que en parapsicoloxía tamén se chama viaxe astral, tema sobre o que xa tía lido algo, aínda que sen demasiada convicción. Daquela era consciente da situación na que me atopaba e fun quen a manter a calma, mais ao tempo tiven unha lixeira preocupación, pois dado que o desdoblamento corporal fora involuntario, podía deberse a unha enfermidade talvez grave.

Calculo que estaría unha hora nas nubes, desde onde contemplaba á vista de páxaro todo o panorama terrestre. Observaba o tránsito todo que pasaba ao meu outro corpo deitado no chao. Víanse coches, camións, motos, bicicletas, mesmo xente a pé. Nunha desas pasou unha muller de certa idade, toda vestida de mouro, co sou neto da mao.

- Avola, avola, un home *morrido*.
- Anda, cala a boca, que está a durmir!

Despois apareceu un grupo de mozos e mozas que ían de romaxe, facendo entre eles, ao me veren alí tirado, comentarios tales como «está bébedo» ou «está a ver un avión».

Entrementres, eu seguía alí enriba, no éter, nas nubes algodonosas, ou seique na sala de espera do Célo, resistíndome a voltar á triste morada do meu corpo físico, porque o certo é que se vivía mellor sen el: sentíame fortemente relaxado e calmo,

máis contento que un can sen cadea, e case que estiven tentado de me trasladar neste estado a un sito lonxano. Pensei en facer unha viaxe ao golfo de 'Aqaba, despois á Indonesia, ou aínda máis lonxe, que tal estaría ir tomar un vermú a Nova Zelandia, cos das antípodas?, ou entrar pola chaminea do palacio da Moncloa de Madrid condo estiver de xuntanza o Consello de ministros? Mais armeime de prudencia e decidín o mellor, que foi non emprender aventuras ou experimentos raros que sabemos como principian mais non como poden rematar. Porque podería darse o caso de non ser quen de regresar ao corpo físico e ficar morto de verdade, é dicir, ao contado e non a prazos, ou vivir como un zombi de Haití ou das Filipinas o resto da mía vida.

Estaba eu nestos pensamentos condo apareceu unha caravana de xitanos que ía para A Veiga a participaren na feira que tería lugar naquela vila. Levaban moitos cabalos que puxaban dos carros cheos de nenos. Os xitanos maiores, diante, guiaban todos os demais, e atrás deles seguían as xitanas apurando os cabalos. En véndome alí tirado embaixo dos castañeiros, detivéronse e foron todos en tropel para ver que me pasaba, emprestándome toda a axuda de que boamente eran capaces. Como non volaron en que me erguese, cuidaron que me encontraba moi grave por mor dalgún accidente ou enfermidade, polo que avisaron á xente do pobro máis próximo. Non botou moito en chegar unha ambulancia, dous números da Guardia Civil e don Pascual, o abade dos Penácaros. Trasladáronme ao hospital de San Martín de Braga, onde me fixeron unha análise de sangue, un furadín na cabeza, unha proba de alcolemia e todo o que é normal nestos casos. Con tanta reanimación, o meu espírito viaxeiro, moi ao meu pesar, volveu ao meu corpo. En salindo do hospital esoutro día, déronme unhas pastillas de levotazol (que, como se sabe, é un bon medicamento contra as caídas), para as tomar durante uns días á espera de me mandaren á outra semana o diagnóstico e o resultado das análises, que eu esperaba, confiado dafeito, non indicaren problema ningún.

Volvín ao meu pobo, onde seguín a facer vida normal, sen perder o costume de dar un paseo en bicicleta á tardiquía. Mais ao cabo de quince días me aconteceu daqué que non esperaba, daqué certamente aterrecedor, xa que se trataba dunha carta do

hospital acompañada dun impreso onde me comunicaban que se me diagnosticara a sida, dándome unha esperanza de vida duns seis meses, ou talvez un ano no mellor dos casos; na mesma carta mandábanme que pasase o antes posible polo hospital para concretar o tratamento que me ían dar, que sería, sen dúbida, para aliviar os sufrimentos, xa que o mal non tía cura e a morte gañaríame a batalla sen remedio, dentro dos prazos estimados polos médicos. De maneira que pasei a ser un condenado a morte en capela. Nada máis recibir a inesperada e desagradable noticia, quedei medio paralizado animicamente, sen saber que facer nin que dicir, e sen ser quen de tomar ningúa decisión. Pasei dous días escondido nunha cova de raposa, pois non quería que ninguén me vise naquel calamitoso estado.

Cabo dalgún tempo acouguei unha migalla e comecei a considerar a mía situación con toda a frialdade que podía manter naquelas circunstancias e a pensar na maneira de vivir dignamente durante o tempo que me restase de vida, sen facer dano, pois que non quería que ninguén se contaxiase co virus da sida. En conto á carta que me mandaran do hospital, pregueilla con cuidado e non volvíñ ler nela, non quería nin mirala, nin quixen tornar ao hospital. Para que? De todos os modos ía morrer igual, ou quererían experimentar comigo?

Nos meses que seguiron andei polo mundo como un autómató, desligado da realidade que me rodeaba, concentrado no mal que me afectaba, sempre tratando de disimular diante da xente para que non sospeitasen nada. Ás veces desafogaba a falar co can, mais non sei se el me entendía; condo menos me escuitaba e contestábame mexendo o rabo. Entrementres, eu seguía arrincando as follas do almanaque, a ver pasar o tempo a unha velocidade de vertixe e restando días na macabra conta atrás que me levaría a ter que despegar para o outro mundo.

Guardei escrupulosamente o segredo da mía enfermidade, non quería molestar ninguén. Quixen evitar o posible rexeito de determinada xente, que, apesar das campañas informativas das autoridades sanitarias, poderían conducirme a unha caste de ostracismo ou de aillamento como a dos leprosos da antigüidade.

O caso é que fisicamente conservaba as forzas. Seguía coa bicicleta, se ben cada vez

facendo percorridos máis curtos, pois que non podía soportar a morriña de perder de vista, seique para sempre, a paisaxe. Corría o mes de setembro, xa pasaran daquela cinco meses desde recibira a carta do hospital e, presentindo que o meu final estaba cercao, decidín que o mellor era fuxir do país, como se eu fose un delinciente, fuxir a outro mui lonxano, onde non me coñecese ninguén. Para poder levar ao cabo esta idea solicitei un crédito de cen millois de dólares ao Banco Fiador de Navia, unha cantidade importante coa que podería viaxar ata polo menos a fin do mundo, coa esperanza de atopar quizá nunha illa algún curandeiro que me dese delas plantas sanativas.

Aos poucos días recibín unha chamada telefónica dicíndome que o crédito xa fora aprobado pola dirección xeral do Banco Fiador, que ten a súa sede central en Tanzania, e que habería pasar pola sucursal da vila de Navia para asinar os documentos. O mesmo día presenteime no banco e ao sacar os documentos da carteira apareceu a carta co traxico diagnóstico do hospital, que non volvera ler desde había seis meses, desde o día no que a recibira. E, en repasando o escrito, que sorpresa! Acontecía que a carta non ía dirixida a min, senón a un meu vecín. Como non me fixara nelo? Contos padecementos me tería aforrado en todos estos meses se me tivese decatado. O que pode pasar por non se parar a ler, que a cousa non é de chanza.

De modo que eu non era o enfermo de sida, senón o meu vecín e amigo Rododendro Iribarren Penedo. Naquel momento, en tendo diante mía os papeis para o crédito bancario, achegouseme o director cunha pluma estilográfica para que llos asinase, ao que lle respondín que non, que xa me pasaran as ganas do crédito. Non se me ocorrera outra cousa naquel momento polo contento que ía. Estaba a pique de estalar de riso despois de tanto nerviosismo acumulado. Algús empregados deron en apuparme porque pensaron que estaba a remedalos.

— E lougo, que? Vostede dirá –dixo o director.

— E lougo, abur, que vostede o pase ben –respondílle.

E así, sen máis, salín do banco, a dar choutos de contento. O director, don Fulxencio Rapalcuarto, asomouse á porta berrando: «Eeeeh! Que fresco es, paisano!». Sen mirar

nada, crucei a rúa que estaba repleta de coches que circulaban a muita velocidade; pouco faltou para que algún deles me atropelase. Un guarda urbano que me viu tirou de xipro, pitou dúas veces e, como viu que eu non obedecía, comezou a berrarme:

— Eeeeeh... eeeeeh! Detéñase! Está vostede tolo?

— Aparte!, que vou sen freos –contesteille.

Condo me dei cata, xa estaba de volta na mía casa. Non me recordo se collera un taxi ou chegara correndo. Abondábame con saber que desde aquel día volvía ter esperanzas de vida. Foi como se volvese nacer.

Naquel momento, as campás da mía vila tocaban a morto. Abrín a do meu cuarto e escuetei os comentarios dunhas mulleres que vían da fonte con cadansou cántaro de auga. Por elas souben que morrera o meu amigo Rododendro Iribarren Penedo. A todo o mundo lle sorprendera esta morte repentina, e mais por se tratar dun home aínda novo. Fun ao sou enterro coa natural tristura de perder un amigo, compensada en parte polo meu regreso á vida despois de ter sido un morto a prazos.

COMO SERES HUMANOS

Pablo Ant3n Mar3n Estrada

Acababa de mercar un par de libros nunha librería da rúa da Mercé e dispoíame a abrilos nun banco do novo paseo do Muelle, condo el chegou cos sous canzallos.

— Éche igual que sente aquí, rapacín? —púxose el, sentando antes de recibir resposta.

— Non, sente tranquilo —dixen eu, tamén cun certo desfase de tempo real.

— Que, a estudar? —saltoume el, apuntando para un dos libros que eu daba mercado.

— Non, a ler unha migalla —respondín.

— Ben, ho. Eso está ben. Eu antias lía muito. Novelas de suspense. Mais agora, fillo... Xa non vexo tres enriba dun burro. Estou cego de todo. Se non fose por estos dous cancíos que me traen e me levan, non sei o que sería de min. Mira para elos, home, tan formalíos, aí, os dous....! Non parecen seres humanos?

Ollei para os dous bichos. Semelláronme máis ben dous cais ratoeiros.

— Que digo como seres humanos...! Mellor que seres humanos, muito mellor...! Condo se chega aos meus anos, fillo, e se ten visto tanto na vida, tanto!... os animalíos resultan muito mellor que muitas persoas. Hai tanta maldade. Tu, claro, es mui novo e inda non sabes nada da vida, mais ben verás condo chegues aos meus anos. Toda a vida a traballar, tirando a familia para adiante, facendo favores a toda a xente, e agora que sóu vello e estou medio encegado, quen se ocupa de min, agá estos dous cancíos...!

Pechei no libro. Estaba visto que aquel paisano me tía visto a cara de persoa faragulleira e augantadora.

—Os fillos —continuou el— casaron e, hala!, a correr mundo para aló e acoló, sen se recordaren do paisano máis que condo vein polo verao de vacaciois; os sobríos, para que che vou cuntar!; condo eu era importante (porque eu fun unha persoa mui importante), ben que me foron rougar que os colocase e ben colocadíos que quedaron todos, e como mo pagan agora? Ameazándome con me meteren nun asilo. Nun asilo me querían meter! Ai, Deus, cría corvos...

— E non ten máis ninguén que o cuide, home? —preguntei, someténdome xa con resignación a escoitar todos os detalles da traxedia persoal.

— A estos dous cancíos. Son o único que teño. Ai, se non fose por estos dous cancíos! E eso que xa che digo, eu fun unha persoa mui importante, un peixe gordo, como se diz agora; eu coloquei muita xente, home. Eu fixen muitos cuartos co do carbón, polas Cuencas. Coneces algo por alí?

— Son de alí, de Sama —contestei eu.

— Coime, en Sama tiven eu a oficina muitos anos, home! Olla, eu empecei mercando chamizos, chamizucos de nada que ninguén quería. Mais non creas que eu son como esos señoritiños que tantos cuartos fixeron —máis que eu— sen remangar a camisa. Eu, se había que se poer a postear ou a sacar augua condo o chamizo se inundaba, poíame. A min non che me caían os anelos, como a esas señoritiñas. Despois, bon, tiven vista e funo vendendo. Condo o do Instituto do Carbón e todo eso, puxéronme nun cargo mui importante E despois na UNINSA. E non creas que foi por política. A min a política nunca me atrouxo. A única política que aprendín dende ben cativo foi a de bregar e pregar o lombo. Si, ho. Eu fun mui importante. E agora, xa ves, fillo, os únicos que se ocupan de min son estos dous cancíos.

— Que, vive solo, con esos dous cancíos? —insistín eu.

— Solo, fillo. Non sabes eso de que máis vale vivir solo que mal acompañado? Pois eso. Estos dous cancíos son o único que teño. Bon, e os gatos.

— Non me diga que tamén ten gatos?

— Si, home. Eu é que vivo nunha casía de planta baixa, que ten un patio. É a única así que queda en todo o barrio. Fóronas tirando todas e os pobres gatos que andaban polos tellados véronme todos para o meu patio. Como lles botaba comida...

— E non se agarran cos cais?

— Con estos? Que vai home. Se os vises... Están tan ben ensinadíños! Son como os nenos, se lles aprendes de pequenos acostúmanse a todos. Ademais, como non me falta de nada, porque me quedou unha pensión, bon, abondo curiosa —todo hai que o dicir—, pois doulles de comer a todos ata que fartucan. Elos comen muito mellor que

eu, os cais e os gatos. E non crea que son dous ou tres, vinte gatos teño no patio da casa! Vinte!

— Meca, bon concerto lle han de dar todas as noites... —saltei eu.

— Concerto? Que vai, home. Eso era de primeiras, da que me empezaron a chegar. Agora nada. Mira, os gatos xa sabes que arman esos concertos condo están... bon... xa sabes...

— Ás xaneiras...

— Eso, condo che andan á cousa. Bon, pois dándolle voltas á cabeza, ocorréuseme facerlles un invento. Porque eu sempre fun mui curiosín, inda que esteña mal dicilo. Sempre fun ben xeitosín para estas cousías...

— Un invento? Para que, lougo...? —pregunteille eu, comido polo interese.

— Un invento para calaren. Para que non me miúlen tanto de noite. Mira, téño mesmo patentado. Mira esta revista.

Sacou do interior da chaqueta unha caste de catálogo ou revista, pregada curiosamente..

— Sacáronme unha vez aquí. Mira. Eu sonche socio desto. Mira.

Apañei a revista. Era o boletín bimensual da Sociedade Española de Inventores.

— Está na páxina 24. Seino de memoria, aínda que non o poida ver.

Busquei a páxina. «Máquina para facer calar os gatos», dicía un titular en letras ben visibles. Embaixo vía unha foto do invento. Tratábase dunha caste de roda de afiadore en miniatura, pousada horizontalmente enriba do chao; no centro do radio tía dúas pequenas plataformas rectangulares, a xeito de pedais.

— Olla no medio dos pedais, non ves esa cousía que ten, como o dido dunha luva? Bon, xa ves que ten tamén un arco metálico, como esos que poñen os médicos dos ollos para teren pola cabeza. Pois eso é para que se poñan aí os gatos. A fundía esa, que parece un didín de luva, pega cos radios, que son de goma mui finía; o gato colócase aí, mete... a minga na funda e entón ponse a dar aos pedais; conto máis a présa lle dá, máis forte lle petan os radios de goma na cousia. Eso, para condo tein gana do asunto. Para as gatas, nada máis hai que lle dar a volta á fundía e lle meter un apareluco que

ten, como unha pilia de transistor; en lle dando aos pedais, o chisme sobe e baixa. Non che é orixinal?

Eu atendía para o paisano coa boca aberta. Ollei outra vez para o prototipo da fotografía e con abonda imaxinación poden recrear aquelas complexas operacións físicas que el me daba descrito.

— E como, como... consegue pousar o gato nese chisme?

— Meca, eso é o máis fácil. Despois de o probaren pola primeira vez, veinche solos. Ás veces ata se agarran por elo. Mais eu aos meus téñoos ben aprendidos.

— Ben vexo —dixen eu, inda sen salir do meu asombro—. E lougo, fabricou arteluxos desos para vendelos?

— Non. De certo a xente arestora non pensa máis que nela. Non queren saber cousa dos pobres animalíos. Quéixanse de que lles dan a murga os gatos e no canto de escorrer unha migalla a cabeza a ver como o podían amañar, van pola tremenda, hala, a matalos! Bótanlles veneno aos pobritíos. Non tein idea do agradecidos que poden chegar a ser os animalíos todos, muito máis cós seres humanos...! Outramente, olla para estos dous cancíos. Elos son os únicos que miran por min, aí onde os ves. Xa che digo que eles me traen e me levan ata aquí todos os días. Míraos, home, tan formales, aí tan quedos...! Non semellan dous paisaníos?

Mirei para os dous bichos outra volta. Un delos, o máis ruin, tal que me estivera ollando para min como dicindo: «Ai, señor, se vostede soubese a fame que pasamos...!»

EL DÍA DE REIS

Charo Pita

Laura choraba. A culpa tíala ese rei barbado que dicen que vai en camelo e leva el incenso al Centrosupercomerciais. Ela deixárallo ben claro.

– Quero un boli Bic.

Laura xa sabía as letras e sabía tamén del xogo divertido de escribir o mundo.

– E que máis?

Laura pestanexou tres veces. Que máis? Escribir todo el que lle ocorría levaríalle muita tinta e muitos días.

– Quero un boli Bic –teimou–, ou dous.

E ameceu de contado:

– Este ano porteime ben.

Chegou el día seis ás sete da mañá. Laura choutou entre as sabas e achegouse coel corazón fervendo onde el recanto da maxia. Al carón dos zapatos, un volcán de regalos interpoíase entre ela e el importante: tres vestidos Barriguías, un Golfín Basket, a casa dos Pinypon, e outros cinco paquetes que sólo abriu de esguello.

– Fíxate, Laura, se lle quitas na chupeta, chora e bota baballa pola boca!!

Laura non dixo nada e lanzou en derredor uha ollada ansiosa.

Sería que el monarca vido de tan lonxe non entendía el galego?

Ou seica que despois de tantos séculos de traxín quedárase achacoso, esqueicente e xordo de puro vello?

– Non hai máis nada? –tatexou Laura, aínda incrédula.

– Pareceche pouco?

Laura negou cúa cabeza. Parecíalle increíble.

– Nin un boli Bic?

– Laura, os reis son máxicos. Non che van traer un vulgar boli.

El bebé babuxento berraba a gusto e esparellaba escumallos polo chao. As campás e os vilancicos que entraban pola fenestra soábanlle a chatarra.

A Laura enchéronselle os ollos de lágrimas.

– Vaia maxia de merda –soltou.

E el chasquido duha labazada cruzou por un instante el día de Reis.

HORROR VACUO

Charo Pita

*A todos os Sant'Egos Folgueiras,
patrois do desastre.*

Aquela mañá, Sant'Ego Folgueiras ergueuse da cama mallado polas imaxes dunha noite incerta, cóa humidade dos pesadelos chorreando por entre o pixama.

Partiu mui de mañá, sen apenas aliño, cuando a brétema respiraba aínda o sou hálito branco sobre o leito do río e as grallas escurecían ás gargalladas o tanxer das campás.

Un par de bois castrados foron xoncidos ao carro. O rinchar queixumento da súa engranaxe ía polos campos escorrentando corvos e enredábase no ar cóa insistencia dun vello esconxuro.

Axina atopou o que buscaba: uha extensión de árbores con madeira da mellor calidade. Sant'Ego Folgueiras púxose maos á obra e fendo gala duha voracidade inaudita, arrasou a arboreda, deixando tras do sou paso terrible uha fraga tolleita.

De volta á casa, esperábanno a súa muller e a súa filla ao carón dun mantel ben provisto. Mentres comían, conversaron amistosamente sobre as incidencias do día.

– Esta mañá apareceu no pobo un pobre tolo –comentou a muller–. Chamaba a todas as portas e preguntaba: "Busco o demo. Daquén o viu? Dizque anda famento por este bosque". E amostraba, a quen quixera velo, a súa perna recomida.

A muller e a filla riron un pouco espantadas. Sant'Ego Folgueiras, sen embargo, permaneceu mudo, non porque o asunto carecese de gracia ou porque o riso non entrase no saco das súas virtudes, senón porque tía a boca chéa, entregado, como estaba, ao disfrute de espesos guisos.

Aquela tarde, Sant'Ego Folgueiras encamiñouse aos establos e comezou a tediosa

xeira de descarregar nos troncos cercenados, tan frescos que inda supuraban seiva.

Mentres, na cocía, a muller entregábase ao succulento labor de preparar un churrasco. Necesitada de certos ingredientes para levar a bon termo a súa esgazadora misión, dirixiuse á despensa, sacou a chave de catro picos de baixo o refaixo, soportou o chiar inquedante dos ratos en fuga confundido cos gonzos oxidados e dun só golpe de cadeira abriu a porta, isto é, abriuse á sorpresa, pois das provisiois que almacenaran para o inverno, alí dentro non ficaban máis que recipientes baleiros.

– Sant'Ego! Sant'Ego! –berrou a muller poendo rumbo á corte.

Non tevo resposta nin de Sant'Ego, nin dos bois, os porcos, a vaca, o can ou as pitas. A corte estaba baleira.

Desconcertada, a muller regresou xunto á filla agoirando diaños.

O sol declinaba.

Desde o interior do chamizo máis afastado, Sant'Ego Folgueiras, deitado entre os troncos sangrantes, cos apetitos engueirados, erguíase lento, bestial, famélico e, con pretendido acougo, arrastrábase cara á cocía. Alí, no limiar, entre a tepedeza do lume e o vendaval da tarde, sospeitou as cadeiras da súa muller, ben aderezadas, e abriu todo o que foi quen os brazos e as fauces e dun só golpe de queixada tragou nela até os ósos, da mesma insá maneira que tragara os bois, os cochos, a vaca, o podenco e as pequenas, mais non menos, succulentas pitas, amais de todas as provisiois almacenadas para o inverno.

As sombras rondaban montaña abaixo.

A filla, supetamente, consciente de que o sou tenro corpo de infanta non lle ía vir rancio ao dente paterno, pretendeu controlar o devorador de sou pai cóa única arma posible: a súa carne.

A filla de San'Ego Folgueira, que no día do sou nacemento fora dotada co misterio dun nome, pero a quen hoxe todo o mundo lembra como "A Pequena das Cruces", posuía un don innato e irrepitible: podía transformar o sou aspecto a vontade. E a Pequena das Cruces, muller de non pequena intelixencia, urdiu un plano:

PLAN DA PEQUENA DAS CRUCES

1. Á outra mañá irei ao mercado de A Veiga e alí venderei a bon prezo. Cos cuartos obtidos mercarei comida para alimentar por un día a besta.

2. Tras disto, e cóa fin de me librar de suspicacias e amantes, perturbarei as mías formas e con nova aparencia vendereime outra volta. Será fácil, ninguén me reconecerá e cos cuartos obtidos saciarei a meu pai e...

3. ... así até a eternidade...

Mais ás veces, até a eternidade conece límites e uha aciaga mañá de outubro Sant'Ego Folgueiras espertou e comprobou que a súa filla –enténdase o sou sustento– desaparecera. Mais certamente nunca non se soubo se fora por medo ou por canseira ou, talvez, por falta de rostros e corpos nos que se transfigurar.

O certo é que Sant'Ego Folgueiras, submetido a un xexún de dez minutos, despromouse e cuando á fin entreabriu os ollos, presa da inanición e da éxtase, teve uha visión: diante de el amostrábase áureo e soberbo un pé de rasgos divinos.

Sobrecollido diante da pedestre materialización do insondable, comungou baixo a súa forma, isto é, zompoulo e non lle importou en absoluto que aquel pé fora o sou. É máis, sentíndose xeneroso continuou co banquete. O outro pé, as coxas húmidas, as mamas, o oco da sobaqueira tan apto para lamber...

O último que se sabe de Sant'Ego Folgueiras, varón de compostura milagreira, é que, nun esforzo de admirable egocentrismo, tragou os dentes e a lingua.

NA COMPAÑA DOS LOBOS

Xavier Frías Conde

*A meu avolo Xosé María e
a mía mai Adela, quen me cuntou
o que lle ocorreu
aquela tardiquía a sou pai.*

Eran mui duros aqueles días de xaneiro. Daquela os labregos sabían muito ben o que era nevar e sabían que condo a neve cubría o terrén, o único que se podía fer era esperar que baxase un pouco, non de todo, que era mui raro, e logo poder salir para atender o gado.

Xosemaría sabía muito ben que antes de caer a noite nevaría. Sabía tamén que ás seis xa non se vería nada, mais el insistía diante da muller:

– Escuita, se non vou a Fonteta hoi e deixo amañado o mester, despois poden pasar unha chea de días e non poderemos mover un dido porque estaremos incomunicados, non sabes?

Ela entendía perfectamente a impaciencia do sou home, mais non quería que, por mui importante que fose o asunto, o sou home arriscase a vida á volta para a súa aldea dende a vecía de Fonteta. Tían oito fillos e a casa non se podería levar sen o pai.

– Non vaias, non vaias –pedía ela inda a sabendas de que como o tivese decidido, o home dela marcharía.

– Vou, que estas cousas non se poden deixar para despois –retrucou el nun ton suave mais mui decidido.

Ela calou. Marchou da corrada, onde tían aquela conversa, e subiu as escaleiras de louxa para se dirixir á cocía. Sabía que Xosemaría viría mui tarde e que probablemente non cataría bocado ata que chegase á casa de noite. Por eso fritiu uns torrezos e meteunos en dúas rabanadas de pan mouro, pan de centén, para que o levase no fardel e comese se tía gana.

Xa non se falou máis do tema. Nada máis ela despediu o sou home cun "*cuídate*" dito entre susurros e ollando para o ceo que ameazaba con se poer inda máis gris e anoxado que xa estaba; os primeiros faloupos caerían en colqueira momento.

Xosemaría foi camín adiante cara Fonteta. A ida foille boa porque o tempo augantou. Axina atopou o cabreiro con quen habería amañar os sous asuntos e despois de zarrar o trato cun par de vasos de viño acedo da terra, saliu de Fonteta e dispúxose a fer os tres quilómetros e medio que separan aquela aldea de San Salvador, a súa.

Sabía que en deixando Fonteta estaba solo dafeito. Ninguén o podería axudar se lle xurdía algunha complicación, e para piorar as cousas, xa a tardiquía estaba caendo e os primeiros faloupos pousaban na cara de Xosemaría.

El sabía que á volta habería correr aquel risco, e aquel risco era xa unha realidade. Reconeceu para si mesmo que tía medo e recordouse dos lobos, aqueles seres case máxicos aos que ata entón conseguira tornar do sou pensamento, mais cuxa sombra xa vía enhalando por riba do sou medo.

Antes de perder de vista a última luz que delataba a presenza de Fonteta unhas ducias de metros tras del, Xosemaría quitou a navalla. Era a súa *xarrapa*, aquel bon aliado das xentes desta terra que os sacaba de máis dun apuro.

O home non tía intención de lutar contra os lobos con ela no caso de se presentar a ocasión, senón que se achegou a un salgueiro cuxa silueta a penas se podía distinguir xa a aquela hora.

Coa axuda da xarrapa curtou unha cana, unha non mui grosa mais que tía abondas xotas. Aquel era o único medio que el conecía para fuxir dos lobos se é que se presentaban, e presentaríanse, estaba mui certo.

Non se equivocou. Apenas se alonxara trescentos metros de Fonteta, Xosemaría sentiu o ruído que facían unhas patas poderosas e avezadas á marcha por riba e por baxo do camín, abríndose paso entre as xestas e os toxos.

Estaban alí. Os lobos, fieis á súa cita, estaban alí. Ulíranos dende a distancia, sabendo que era un home solo, doada presa para aqueles máis—que—cais famentos e afeitos a se gañaren a comida día tras día co esforzo das súas patas, dos sous queiros e da súa tenacidade.

O home non tía máis que a cana. Non sabía quen, e ata eso era o de menos

daquela, mais daquén lle dixera que se hai algunha posibilidade de salir vivo condo se vai por un camín de noite, na compañía dos lobos, é arrastrando unha cana chea de xotas miudías polo chao, fendo o máis ruído posible.

El non entendía a mecánica daquel procedemento, mais non tía outra posibilidade de escapar. Descartado estaba correr —amostraría inda máis medo—, e menos inda defenderse coa navalla, porque enantes acabaría el con dous queiros no pescozo.

El solín se metera na boca do lobo e nunca mellor dito.

Nada máis andou, andou e andou arrastrando a cana por tras del, mantendo o paso e rezando para que a nevada se mantivese tan lixeiría como ata daquela, que lle xeaba a cara mais non cuallaba sobre o terrén. Se a neve acabase de cubrir o solo, a cana non sería máis que un lastre e non feiría máis que se entorpecer a marcha.

Mais por sorte para el, a neve caía mui mole.

Para colmo non se vía nada. Xosemaría seguía o camín case ás apalpadelas, inda que sería mui difícil que salise del polas moitas veces que fora a Fonteta e volvera ao longo da súa vida.

Cada vez estaba máis cerca de San Salvador, mais cada vez tía máis medo. Notaba perfectamente o acompañamento dos lobos, case que podía sentir o seu alento, e escuitaba perfectamente o xirir canso das bestas, invisibles mais presentes.

O seu corazón latía fortísimo. El rougaba que non o ouguisen dende fóra os lobos porque sería o sinal de atacáreno.

O camín non remataba, San Salvador non chegaba endexamais.

Xosemaría sentiu a morte cerca. Sentiulo sobre todo polos fillos e a muller, aos que deixaría nunha situación ruía abondo... e aqueles monstros das beiras do camín alleos ás súas inquedanzas, solo coa mente (terían mente?) fixa no home que iba un pouco por diante deles.

Moveu a cana esbuligándoa a dereita e esquerda da que andaba para que fixese máis ruído. Seique non fose nada, mais seique deixaría aos lobos sorprendidos durante uns segundos.

De momento a cana estaba a servir para que os lobos non se lle tirasen enriba.

Seguiu a camiñar sen variar o seu ritmo, pois a presa máis leve xa sería motivo de que os lobos saltasen para el.

Ás veces sentía un pao que rompía condo un daqueles pés poderosos pisaba nel e cedía baixo a súa presión.

Mais o peor veu condo empezou a sentir —a ver non con aquela escuridade— que algún lobo se metera polo mesmo camiño e abríalle paso. Tamén percibiu que o resto da manada se lle achegaba polas ourelas, os toxos e as xestas soaban máis cercaos tamén.

E inda non había ningún rastro de San Salvador.

Xosemaría non variou o seu ritmo no andar. Solamente agarrou con máis forza a cana de salgueiro e tentou penetrar a escuridade cos seus ollos, tentando ver máis aló da realidade. Mesmo abriu un pouco o pescozo da camisa para que o frío da noite aliviase a suor que o cubría.

Entón soou.

Soou un oúlido estremecedor, unha chamada brava que hoi é case imposible de ouguir. Era o lobo máis vello, o que mandaba na manada, a oulear dende algún penedo. Algo anunciaría, mais o home non sabía o que.

Xosemaría quitou os ollos do escuro e fixounos na lucecía fráxil que relumaba diante del. Era San Salvador, á fin.

Mais inda non estaba fora de perigo. Se agora deixaba de arrastrar a cana e aceleraba o paso, sería o seu final. Había manter o ritmo pesie a todo.

Os trescentos ou catrocentos metros que houbo percorrer ata chegar á luz foron eternos. Os lobos, xa algo inquedaos, iban estreitando o seu cerco, mais sen se deixar ver.

Finalmente, a lucecía que penduraba da porta da cantina foi dalgún xeito un espantalobos. O chigre era a primeira casa da aldea, e ao seu pé salía a calella pola que se chegaba á casa de Xosemaría, uns poucos metros por baixo.

Na rúa non había unha alma, e ata parecía, agás pola luz do chigre, que a aldea estaba baleira, mesmo abandonada.

Xosemaría, inda coa cana na mao, foi paso a paso ata a súa casa. Antes de chegar á porta xa tía a chave na mao. Meteuna —era enorme, toda de ferro— e abriu a porta que rinchou como se a tirasen dun sono.

Do interior saliu un feixe de luz que alumou a calella por uns segundos. Xosemaría, antes de a pechar, mirou para fóra protexéndose coa porta e dende unha regandixa.

E daquela si que os viu. Viu a tres delos, tres belas bestas de ollos de inferno e pelella cálida que miraban para a porta fixamente, como se quixesen dar as boas noites ao home que acompañaran ata entón.

A visión non durou máis de tres ou catro segundos, pois os animais, guiados por algunha forza desconecida, viráronse e foron tragados pola escuridade mentres o home apertaba a dous de sous fillos que o foran recibir, falando solamente con lágrimas.

AS TRUITAS

Cristóbal Rutiña

Este relato foi recoñecido cunha mención especial no concurso de relatos de Grandas de Salime

*Però hem viscut per salvar-vos els
mots, / per retornar-vos el nom de cada cosa.*

Salvador Espriu

Á mía avola Leonila de Coba

Pasaba a tarde mirando para a tele. Ás veces aínda viraba a cabeza cara á dereita por ver as carreirías graciosas dun esquío que andaba polas castañeiras secas como polo rodesno dun muín, nun eterno retorno trazado pola fatalidade dos incendios. Antigamente, un esquío andaba España de norte a sur sen baixar das canas, recitaba de memoria cada vez que asistía dende a súa ventá a aquela carreira agonizante. Muitos teño visto, e dicíalo coa nostalxia dos tempos de nena forte que andaba quilómetros para levar el grao a moer á maquía del cura e que non paraba nada máis que por dar descanso al sou irmao Aureliano, que era el máis pequeno. Cun saquín feito de la que mesmo lles daba para cinco quilos, andaban aquel camín entre penas e regueiros coa axuda inestimable duns galochos que xa daquela estaban para tirar. Cuando lles parecía, botaban a carga al chao e deitábanse un enriba da barriga del outro por aliviar un pouco a dor que se lles metía nas pernas al subir aquela costa interminable xa case tomada polas uces e as carqueixas. Nosoutros tíamos un pero Franco mandara desfacer os muíos, queimar os caixois de madeira e enterrar as moas, sentenciaba cuha quexida que nos últimos anos se convertera na súa forma de referirse a aqueles tempos.

E é que daquela non había máis que miseria, sentíralle dicir eu dende pequeno, antes non sabíamos nada. Se deran en facer máis escolas e menos igrexas, repetía coa ira dos que, indefensos e pobres, andaban el monte día e noite á procura de raíces para faceren carbón vexetal e vendérenllo aos ferreiros por que non tían un cachín de terra onde ir semar sequera foran uns poucos nabos. E iso que daquela non había máis que fame, advertíanos a min e aos meus irmaos cada vez que ingresaban a mamá no hospital e nos mandaban á aldea por nos daren un sito onde comer e durmir lonxe da curiosidade cruel dos vecíos de bloque. Anos despois, cuando xa el cancro levara a mamá e papá pasaba longas temporadas en Benidorm por ver de curar uha enfermidade dos nervios, a avola cambiara aquel mundo de miseria afumada e golpes

de vara, polos palacios e mansiois nos que habitaban os acesos protagonistas del culebrón da tarde, primeiro, e da mañá, finalmente. Da pantalla del televisor xorrecían aqueles continuos flashes de cores, aquelas voces rotundas e aquel mazar violento da música que remataría sendo a grotesca escenografía dos sous últimos días. Recordo a súa silueta pequena e gordeta empericada naquela cadeira tan alta que case non lle chegaba a os pés a calor daquela estufa eléctrica que deu en comprar nuha das poucas veces que consentiu en vir á cidade. Pero tamén lembro a súa figura enérxica achegándose para subirlle a voz al aparato cuando chegaba "el parte" e recoñecía entre a feira da xente os trazos inconfundibles da Plaza de Mayo.

Había poucos meses que volvera de Arxentina e aínda tía na retina o recordo irrepitible dos días que pasara visitando aos sous irmaos, emigrados de ben nenos tralos pasos pioneiros da madre, do padre e de tantos outros vecíos da parroquia que de cuando en vez animaban nodas e comuñois cos sous envíos de fermosa e branca roupa nunca vista. A min, as historias que trouxo daquela visita producíanme a impresión do cen veces lido e visto nos libros e os reportaxes da tele sobre el país americano, pero para ela el relato turístico da viaxe pola Pampa encerraba o segredo intransferible dos que tein visto el lobo roldarlles al volver del muín xa de noite por que el cura andaba a despachar a muller del xastre no sou cuarto. Aquela visita foi sobre todo un relatorio das penas da nenez, preguntándose ao final de cada conto como fora que sobreviviran.

Uha daquelas historias que deran en recordar un mediodía soleado no Mar del Plata fora a das saídas nocturnas de Aureliano pola porta da corte dos gochos, cuando aínda os nenos non ergueran e el avolo argallaba polos armarios buscando a primeira copia de augardente. O campo del eira alumaba coel resplandor da lúa chea. El camín ata el río non tía perda ninguha e Aureliano liscaba ás carreiras en dirección á Pena Moura para, despois de atravesar un inestable pontigo de trabas que salvaba el río no sou nacemento, rescatar da escuridade dun caseto que alí había uha rede de breimante que el mesmo fixera por ver de armarlles ás truitas nuha das pozas del Outeiro. Daquela pillábamos uhas fartadas de truitas, dicía a avola mergullando na lembranza con satisfacción, andaban os prados cheos e cuando marchaba a auga das presas ou había uha crecida, non había máis que ir cun saco e pasar a tarde apañando para dentro. Temos levado sacados e sacados para a casa que non podedes imaxinar, relataba mirando para nós con cobicia, ata que despois deron en encher el río de merda, en botarlle veneno e lixivia que aínda se poden velos plásticos se ides

camiñando pola beira. E a nosoutros, que nunca soubéramos onde paraba aquel río, parecíanos que a súa mirada de grandeza desaparecía dela como tamén desaparecera a vida daquela auga milagrosa. Porque tamén é verdade que non só meu irmao lles armaba ás truitas. Todos os ríos da parroquia andaban a encherse desas redes de breimante que calquera cun pouco de paciencia podía facer na casa. E non por eso se acababa el río, insistía desculpándose ante nós que nunca víramos uha truita viva. Armaban os de Vilarmeirín, os de Vilamouxe e os do Cabeirón; máis para abaixo, xa no río Trasmonte, ían os del Couto e os de Seirín. Recitaba aquela xeografía con precisión erudita sen reparar para as nosas caras pasmadas e el noso entendemento incapaz de situar ningún desos sitios cuxos nomes xa no momento de seren pronunciados tíamos esquecido.

Facía uha pausa para seguir un personaxe da tele que acababa de abandonar un restaurante entre focos de luces e uha morea de xente armada con micrófonos de todas as cores. Pero non perdía o fío, non abandonaba de todo aquelas fértiles veigas de xunta o río onde abrollaba a esperanza e a alegría nos tempos miserables del racionamento, cuando había que ir entregar a Barbeitos parte da fornada e a escasa colleita de patacas. As truitas podían durar todo el ano se se amañaban con sal e colgaban en restras duha parede del hórreo, refería con sorpresa sabedora dos actuais avances na conservación del alimento. Así que naqueles tempos ter a Aureliano na casa era ter un heroe. "El truiteiro", dicía con orgullo para se referir al sou irmao, elevado al santoral da supervivencia xunto al ferreiro e al xastre. Mesmo lles proporcionaba a melecía necesaria para curaren el percebún que ás veces roía a alguén da casa. Cuando tal sucedía, el avezado era ir falar coa meleciñeira de Seirín, que despois de mirar e remirar aquela traidora negrura que comía na pel, pronunciaba en voz alta uns esconxuros e recomendaba grandes farturas de truitas. E el infectado pasaba semanas comendo aqueles manxares como nunca antes tía visto a ninguén, que non parecía senón que houbera uha preñada na casa.

Pero para armarlles ás truitas no río había que andar listos. Non había prohibición ninguha, aclaraba sen que nós lle tivéramos preguntado nada, non é como agora. Pero roubábanse os uns aos outros. Sí, concluía para perderse ela soa na lembranza dun tempo e un espacio que as máis das veces nos parecía inventado. Eran castrois!, e soltaba uha risadísima excesiva e que sorprendía aos meus irmaos mentras xogaban cos coches en miniatura polos camiños imposibles que trazaban no moble del comedor. Por eso había que andar listos e por eso sorprendera ela uha noite moi cedo, máis

cedo del normal, al sou irmao Aureliano, el truiteiro, collendo el camín del embalse coa lúia acesa ás costas. El ano antes roubáranlle a rede con todo el peixe dentro e al final soubera quen. Si lle tuveran marchado coas truitas nadamáis, pronunciaba disculpandolo, pero tiveron que levarlle el aparello. Foi por fodelo, porque armaba muito mellor que elos. E tamén soubo que foran amigos del un día que el convidaran á casa Lumeiro e víu que colgaba na cocía vella a rede que el mesmo fixera e que recoñecera por uns nougos que lle houbera de facer por non darlle chegado el breimante a onde el quería. Pero gardoulles a cabronada e agardou al outro ano para ir onde armaban elos. Sorprendido por el exceso de lume que vía daquel ceo sen estrelas, naquela noite que elixira consciente de que outra non ía poder ser, descolgouse por onde a ponte que cruza el río antes de ir dar coel que forma embalse máis para abaixo e mirando de non arrastrar as pedras delatorias no sou descenso chegou a onde uhas uceiras tralas que deixaran armado os de Lumeiro. Con movementos pacientes foi desmontando el aparello con todo el peixe dentro e cuando xa daba en desandalo camín monte arriba, sentiu xente que chegaba xunta el dando grandes voces de parranda. Dende detrás das uceiras, viu como os propietarios da maseira, que ben se vía que vían de polavila, pasaban xunta el sen velo e despois tiraban para onde tían armado. E as voces que alí deron en cuanto se decataron del que pasara pareceulle que as sentiran en Grandas, xurando e perxurando matar al autor del roubo, cuha violencia verbal amasada no alcol consumido nuha daquelas adegas próximas. Aureliano pasou medo pero non se moveu ata que foi día e xa viu movemento polas searas vecías. El non lles quería mal. Fora uha *vengación!*. Fora uha *vengación!*, repetía insistentemente apelando á xustiza. Fora uha *vengación!*, mentres os meus irmaos, indiferentes, miraban de buscar novos circuítos para as súas carreiras.

Por eso, anos despois, cuando volví sentir aquelas palabras definitivas e agónicas, souben que non andaba a desvariar como lle pasara a meu pai e como xa dicían por aí que nos había de pasar a todos de xeito irremediable. Daquela estaba eu só na casa. Debullaba uha mandarina cos dentes e miraba para a tele con desgana, como facía ela de maneira invariable todos os días. No televisor sucedíanse as imaxes duha revolta popular na República Arxentina. Decateime de que a avola abriera os ollos como nunca os tía aberto nos últimos anos. Tamén souben que recoñecera a Plaza de Mayo e de que buscaba os sous irmaos entre aquel balbordo. Escuitaba atenta as explicaciois da voz del locutor que lle chamaba a todo aquilo "cacerolada", un termo que espertou aínda máis a atención adormecida da avola e que se esforzou en poder pronunciar sen

case respirar nin tropezar en sílaba ninguha. Eu miraba indiferente aqueles sucesos sabedor da relación de revoluciois e golpes de estado que caracterizaba a historia dos países sudamericanos. Tampouco podía sentir prevención por uha familia que nunca vira nada máis que en fotos e da que a única información que tía era que lles fora ben cos sous negocios. Pero a avola non. Esforzábase por seguir a narración confusa dos feitos. As imaxes de protesta pacífica deron paso ás tomas nas que se testemuñaba el asalto á sede del gobierno, entre el lume dos asaltantes e os carros de combate del exército. E foi entón cuando a avola se atreveu a falar despois de tantos anos, a resumir nuha frase definitiva o contido daquela historia incomprensible para os políticos, os analistas financeiros e os periodistas, aquelas palabras que só nosoutros comprendiamos e que ninguén máis que nosoutros foi quen de sentir.

É uha *vengación!*, uha *vengación!*...



<http://www.terra.es/personal/cvalledor>
<http://www.romaniaminor.net>

BIBLIOTECA VIRUTAL EONAVIEGA

2002